

PLANT BASED

ALIMENTOS E BEBIDAS
DE BASE VEGETAL

PERSPECTIVAS, E REGULACIÓN?

DOCUMENTO DE CONCLUSIONES

Plant Based. CONCLUSIONES

No actual contexto, especialmente tras coñecerse o pronunciamento do Tribunal de Xustiza da Unión Europea no asunto C-438/23, faise imprescindible traballar en dúas liñas ou ámbitos con todos os novos lanzamentos de alimentos e bebidas de base vexetal que se presentan ao consumidor como análogos de alimentos e bebidas de orixe animal, máxime cando algúns deles xa levan máis de 25 anos no mercado, como é o caso dalgúñas bebidas vexetais.

Distintos países xa están a aprobar lexislación específica en canto á composición destes produtos, tanto para reordear o mercado como para dar seguridade xurídica aos operadores, como foi o caso de México ou da Arxentina.

En sintonía coa opinión do TXUE e en relación ás denominacións comerciais e mesmo de venda, consideramos que o vixente marco normativo permite intervenir no mercado sobre a base do disposto no artigo 7 do Regulamento 1169/2011. Con todo, no fallo do TXUE queda claro que, se non existe unha lexislación específica sobre estes produtos alimenticios de base vexetal, poderanse empregar denominacións tradicionais de alimentos e bebidas de orixe animal. Do mesmo xeito, interprétase que se existen denominacións contempladas na regulación de produtos cárnicos, lácteos ou outros, estas non poderían ser utilizadas polos alimentos e bebidas de orixe vexetal.

CONCLUSIONES

- **Aplicar a lexislación vixente para evitar a confusión existente no consumidor** como consecuencia do emprego de denominacións comerciais e de venda, moitas delas de imitación de alimentos de orixe animal, que non se axustan á realidade de composición que aparentan nin ao valor nutricional dos alimentos que imitan.
- **Só son admisibles as comparacións entre alimentos e bebidas da mesma categoría**, atendendo á clasificación realizada pola OMS Rexión Europa en 2023, mencionándose a diferenza na cantidade dun nutriente ou o valor enerxético, e a comparación deberá facer referencia á mesma cantidade de alimento. As declaracións nutricionais comparativas deberán atender á composición do alimento e poñelo en relación con alimentos da mesma categoría, incluídos os produtos alimenticios doutras marcas, tal como recolle o Regulamento 1924/2006.

Plant Based. CONCLUSIONES

- **Desenvolver e aprobar regulamentacións técnico-sanitarias que contemplen a composición e valor nutricional dos alimentos e bebidas de orixe vexetal**, tal como xa realizaron outros países a nivel mundial e así dar cabida ao pronunciamento do TXUE e non xerar confusión con outros grupos de alimentos ou produtos alimenticios.
- Se existen regulamentacións específicas de denominación, composición e valor nutricional de produtos alimenticios de orixe animal, **cómpre levar a cabo accións de control para que se respecten as mesmas e se evite a competencia desleal** doutros produtos alimenticios, que non tendo lexislación específica, están a aproveitarse das condicións, referencias e valores de percepción que o consumidor outorga aos primeiros.
- **Garantir o dereito de información do consumidor** para que poida realizar unha compra informada.
- **Evitar o uso de imaxes, grafismos, expresións ou calquera representatividade que evoque outro tipo de alimentos e que sexan susceptibles de xerar confusión no consumidor** e provoquen malentendidos á hora de realizar a adquisición de produtos alimenticios no punto de venda, sexa físico ou en liña. Neste senso, resulta imprescindible lembrar aos responsables da industria alimentaria a obriga de utilizar unha etiquetaxe que evite confundir ao consumidor.
- **Realizar campañas de información e de educación alimentaria e nutricional a través dos axentes representativos dos consumidores, as asociacións de consumidores**, para informar e formar ao consumidor, dotándolle da capacidade para diferenciar claramente os produtos alimenticios de orixe animal e o de orixe vexetal.
- **Situar de forma diferenciada**, tanto nos lineais físicos como nas seccións correspondentes das tendas en liña, **os alimentos e bebidas de orixe vexetal**, ben en zonas claramente identificadas e separadas ou en lineais diferentes e dacordo coas características fisicoquímicas e de composición nutricional dos mesmos. Para isto, resulta fundamental o compromiso e colaboración da distribución; ao tempo que se recomenda o desenvolvemento de actuacións de vixilancia e inspección, ben polas propias asociacións de consumidores, ben sobre a base dos mecanismos de control de mercado.